


A OFERTA CULTURAL E TURÍSTICA

- Un dos elementos característicos do Baixo Miño, é a riqueza existente na produción cultural expresada a través de diversas **manifestacións artísticas** desde principios do século XX.
- No territorio estiveron ou están asentados diferentes artistas vinculados coa escultura, a pintura, a literatura ou a cerámica, destacando entre outros moitos, ademais de Xavier Pousa:

- Antonio Fernandez 1882-1970 (pintor)
- Xoan Piñeiro 1920-1980 (escultor)
- Juan Oliveira 1928-2002 (escultor)
- Xose Luis de Dios 1943-2010 (pintor)
- Eliseo Alonso 1924-1996 (escritor)
- Xuxo Vázquez 1948 (escultor)
- Antunez Pousa 1945 (escultor)
- Picallo 1940 (escultor)
- Cuqui Piñeiro (escultora)
- Leandro Alonso 1965 (ceramista)
- Carlos Fernández 1966 (escultor)
- Pilar Alonso (pintora)
- Nando Álvarez 1975 (escultor)
- Liliya Pobornikova 1979 (escultora)



A OFERTA CULTURAL E TURÍSTICA

- O **patrimonio natural** é un dos atractivos máis importantes da comarca, definido nas ribeiras e o esteiro do Miño, o Monte Aloia, os muíños do Folón e Picón ou a Serra do Argallo ou da Groba.
- O **patrimonio arqueolóxico e arquitectura civil** é outro dos atractivos da comarca destacando o poboado castrexo do Monte Tegra (A Guarda), os petroglifos do Monte Tetón (Tebra-Tomiño), a Fortaleza de San Lourenzo (Goián-Tomiño), Castelo de Santa Cruz (A Guarda), as casas indianas de todos os concellos do Baixo miño.
- En ambos lados do río Miño destaca a variedade de **rotas** que discorren por espazos de gran interese tanto natural como patrimonial (ruta do románico, ruta troiteira, ruta miñota, ruta das casas indianas, ruta da desembocadura do Miño...)
- O **turismo náutico e de aventura** son os mais practicados no Baixo Miño.
- O **turismo gastronómico** ocupa un lugar preferente nas motivacións das persoas que visitan a zona, potenciado este recurso pola celebración de festas gastronómicas durante todo o ano e a existencia dunha Ruta do Viño do Rosal no que participan diversas adegas da denominación de orixe Rías Baixas, restaurantes e casas de turismo rural.
- As **actividades culturais** no Baixo Miño realízanse principalmente en torno ás festas gastronómicas e patronais, sendo minoritarias as propostas estritamente culturais. No Norte de Portugal están moi centradas nos eventos musicais e artísticos.



- Existe unha **oportunidade** no Baixo Miño para crear un **espazo dedicado a arte e a promoción cultural e a defensa da paisaxe**, empregando a obra e figura de **Xavier Pousa** como fío condutor de todas as actividades.
- A sede da Fundación converteríase nunha **oferta complementaria aos recursos turísticos e culturais existentes**, dándolle un valor engadido ao territorio.
- O proxecto pode converterse nunha ferramenta útil de **dinamización turística e cultural**:
 - Xerar novas actividades económicas no seu entorno.
 - Impulsar a recuperación e conservación do patrimonio.
 - Servir de base ou cimentos para novas creacións culturais.
 - Favorecer o acceso á cultura.
- A Fundación pode ser un **elemento vertebrador** do territorio a nivel comarcal, provincial ou mesmo internacional cara Portugal, xa que no seu labor de posicionamento traballará nas sinerxias que xa existen entre as diferentes entidades e centros culturais.

